

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ALLARIZ
Edificio	Santiago de Allariz
Dirección	Praza Maior. 32660
	42.190041 -7.802104
Protección	
Descrición	<p>A Igrexa de Santiago de Allariz é un templo románico construído entre os séculos XII (cara a 1119) e XIII. Do XII conserva a nave, con presbiterio de tramo recto e ábsida semicircular, e a portada norte, que recorda as tradicións prerrománicas con modillóns cilíndricos nas arquivoltas. Cada un destes rolos presenta unha decoración a base de rosetas e recordos castrexos.</p> <p>No exterior destaca a cabeceira da igrexa, cunha ábsida semicircular, cun paramento dividido en varios panos por columnas e capiteis vexetais e historiados. Este tramo semicircular da ábsida e un triunfo da decoración figurativa románica con arquearía cega.</p> <p>No interior a nave presenta un teitume de madeira, arco triunfal, e o tramo do presbiterio cóbrese con bóveda de canón e a ábsida con bóveda de cuarto de esfera. Conserva un frontal de altar románico decorado cunha arcada de medio punto con claras influencias do Mestre Mateo.</p> <p>Da capela cabe destacar a Virxe da Esperanza de Juan de Juni, renacentista, con elegante decoración xeométrica e cuberta con bóveda estrelada.</p> <p>Foi declarada Monumento Histórico -Artístico en 1931.</p>
Campás	3 campás (Dúas na igrexa e unha na torre do reloxo).
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	03-08-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Torre do reloxó	Campá das horas.	MALINGRE PARMENTIER, MANUEL	1866		
Torre-campanario	Campá maior.	CARESA S. L.	2001		
Torre-campanario	Campá menor.	CARESA S. L.	2001		

Información completa: [Santiago de Allariz - ALLARIZ \(GALICIA\)](#)

PDF (11-06-2026)